

## **23. LIGA BABY BASKET MASCULINA E FEMININA.**

### **23.1 Participantes**

Poderán participar todos aqueles clubs, colexios, escolas municipais ou provinciais etc. inscritos o efecto.

### **23.2. Regras de Xogo**

Os encontros os disputarán equipos en formato de 4 contra 4, coas seguintes variantes respecto do Regulamento de Minibasket:

- Cada equipo deberá inscribir na acta de xogo un mínimo de 6 xogadores/as e un máximo de 10.
- O encontro se compondrá de dous períodos de 12 minutos cada un, cun descanso de 1 minuto.
- Poderán facerse cambios durante ambos períodos.

### **23.3. Data Inscripción de equipos**

Data tope de inscrición: 24 de outubro.

### **XOGADORES**

Está dirixidos a nenos/as nados nos anos 2009 e 2010. Tamén se poderán incluír xogadores nados no ano 2011 (previo pago do seguro deportivo da FGB).

Para ter a cobertura do Xogade os nados no ano 2010 terán que ter os 6 anos cumpridos no momento da súa alta no equipo. De non ser así deberán darse de alta abonando a cota do seguro deportivo da FGB

### **ARBITRAXES**

Os encontros serán supervisados por a figura dun "voluntario".

### **FORMA DE XOGO**

- A competición será de carácter zonal
- Non haberá resultados nin clasificación
- A frecuencia das xornadas será decidida en cada delegación (mensual, quincenal, semanal etc.)
- A ser posible xogarse en réxime de concentración.
- Cada equipo xogará polo menos 2 encontros por xornada.
- Cada xornada será organizada e supervisada por un ou varios clubs.
- Os equipos deberán de ter un adestrador titulado (título Iniciación)

### **BALÓN OFICIAL DE XOGO.**

O balón oficial de xogo para esta categoría será da marca MOLTEN talla 3.

### **23.4. TERREOS DE XOGO**

Os terreos de xogo no que se disputarán os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL III dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Aínda que se aconsella que se xogue na medida mínima oficial.